



BANDO

DON EDMUNDO MASEDA MASEDA, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE O VALADOURO (LUGO), FAI SABER

Que no BOE Núm. 79 do domingo 22 de marzo de 2020 publicouse a Orde SND/271/2020 do Ministerio de Sanidade establecendo instrucións sobre a xestión de residuos na situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19. No que aos residuos domésticos se refire, de competencia municipal, no ANEXO desta orde especifícanse as seguintes recomendacións en canto ao manexo de residuos nos fogares:

- Fogares con positivos ou en corentena por COVID-19: (utilizaranse 3 bolsas)

Os residuos do doente, incluído o material desbotable utilizado pola persoa enferma (luvas, panos, máscaras), débense eliminar nunha bolsa de plástico (**bolsa 1**) nun **cubo de lixo disposto na habitación**, preferiblemente con tapa e pedal de apertura, sen realizar ningunha separación para a reciclaxe. A bolsa de plástico (bolsa 1) debe pechase adecuadamente e introducirse nunha segunda bolsa de lixo (**bolsa 2**), **ao lado da saída da habitación**, onde ademais depositaranse as luvas e máscara utilizados polo coidador, e pecharase adecuadamente antes de saír da habitación. A bolsa 2, cos residuos anteriores, depositarase co resto dos residuos domésticos na bolsa de lixo (**bolsa 3**). Inmediatamente despois realizarase unha completa hixiene de mans, con auga e xabón, polo menos 40-60 segundos. **A bolsa 3 pechada adecuadamente depositarase exclusivamente no contedor verde.**

Naqueles fogares nos que non haxa ningunha persoa que poida sair para depositar o lixo no contedor, deberá avisar ao Concello, para que se lle faga a recollida no seu domicilio, sempre cumprindo as medidas indicadas

- Fogares sen positivos nin corentena: A separación dos residuos realizarase como se ven facendo.

-As luvas de látex ou nitrilo empregadas para outros usos non deben depositarse no contedor de envases lixeiros (amarelo), senón no de restos orgánicos (verdes).

O que se fai público para xeral coñecemento.

O Valadouro a 03 de abril de 2020.

O Alcalde: Edmundo Maseda Maseda

Documento asinado electrónicamente ao marxe.

